

NOTA DE PRENSA

O COPG analiza a relación entre trastorno mental e delincuencia e a súa exposición no xuízo oral

Santiago de Compostela, 12 de decembro de 2014.- O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia celebra o sábado 13 de decembro en Santiago de Compostela as xornadas “Avaliación e defensa da base psicopatolóxica da imputabilidade”. Impartidas polo doutor en Psicoloxía e médico especialista en medicina legal-forense Enrique Esbec Rodríguez, o seu obxectivo é coñecer a relación entre os trastornos mentais e a delincuencia, especialmente a violenta. Os/As asistentes traballarán co concepto de imputabilidade e valoración e os eidos da xurisprudencia e a defensa no xuízo oral.

O seminario será no Salón de Actos do COPG en horario de 9.00 a 14.00 horas e de 16.00 a 18.00 horas e está dirixido a psicólogos/as e estudantes de último curso da Licenciatura e Grao de Psicoloxía e Máster.

Cun carácter eminentemente práctico, a xornada abordará partindo dos aspectos teóricos de valoración de imputabilidade e a xurisprudencia relacionada, a elaboración de informes periciais e defensa do mesmo en xuízo oral. A partir de material didáctico escrito e audiovisual, estudarán entrevistas forenses e xuízos sobre imputabilidade, con emisión de resultados.

O docente

Enrique Esbec Rodríguez é licenciado e doutor en Psicoloxía e médico especialista en medicina legal-forense (España) e psiquiatría-neurociencias (Arxentina). Leva 18 anos coordinando o Máster en Psicoloxía Clínica, Legal e Forense da Universidade Complutense de Madrid. Exerce ademais como profesor do Máster en Ciencias Forenses da Universidad Autónoma de Madrid e no Máster en Psicopatoloxía Criminal e Forense, da Universidad Camilo José Cela.

A día de hoxe é forense nos xulgados de instrución de Madrid e vicepresidente da Sociedad Española de Psicología Clínica, Legal e Forense. Foi colaborador da OMS e da Agencia Española de Cooperación Internacional, na preparación de xuíces de sentenza en Hispanoamérica. Exerceu como especialista en Psicoloxía na Audiencia Provincial de Madrid e ten participado en múltiples relatorios nacionais e internacionais sobre temática psicolóxica-forense.

Saúdos,

Se desexan **ampliar a información**, contacten co **departamento de comunicación** do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia:

Eliana Martíns
686 994 089
Raquel Miranda
634 599 932
comunicacion@copgalicia.org

Espiñeira, 10-Baixo
15706 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 534 049 / Fax: 981 534 983
www.copgalicia.es
copgalicia@cop.es